

PROGRAMA

Cociña, ciencia,
filmoteca, fotografía,
historia, arquitectura,
cine, arte...

LEGER Ć

ÁGORA

PRIMAVERA 2019



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



COCIÑA

COCIÑA DE PRIMAVERA

Luns de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Quique Lema

Obradoiro adicado á cociña de tempada e a descubrir e aproveitar os fantásticos produtos propios desta época. Coa chegada da calor e dos días máis longos aparecen nas nosas mesas o color e os pratos máis lixeiros. Fresas, cerezas e mazás e outras moitas froitas e ensaladas, bonito e alcachofas. Partindo de produtos de tempada elaboraremos sinxelas e deliciosas receitas primaverais.

BUSCANDO O NORTE

Luns de 18.30 a 20.30 h

Responsable: Lola Caramés

Recorrido gastronómico polo norte de España (Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco...) facendo un repaso das súas mellores receitas tradicionais e das máis actuais.

ECONOMÍA NA COCIÑA

Martes de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Marta Ramos

Facendo unha compra responsable e aproveitando os recursos que temos, realizaremos unha grande variedade de pratos combinando adecuadamente os ingredientes até acadar un resultado final do gusto dos padais máis esixentes.

CÓMETE O MUNDO

Martes de 18.30 a 20.30 h

Responsable: Lola Caramés

Viaxe culinario arredor do mundo para coñecer e probar receitas fascinantes que farán desfrutar tanto a cociñeiros coma a comensais. Unha forma de coñecer mundo sen saír da cociña das nosas casas.

COCIÑA DE MERCADO

Mércores de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Quique Lema

Paseo culinario polos maravillosos produtos locais e de tempada dos que dispoñemos na nosa cidade. Indagaremos en receitas clásicas e modernas, de aquí ou de calquera outra parte do mundo para adaptar tanto pratos coma técnicas clásicas á nosa vida cotiá. E todo isto a través de clases dinámicas e participativas.

COCIÑA ÁRABE

Mércores de 18.30 a 20.30 h

Responsable: Halimah Shalabi

Os asistentes poderán gozar de clases de cociña e receitas tradicionais de países de Oriente Medio. Así mesmo, tendo en conta a importancia das especias dentro destes menús, poderemos aprender un pouco máis de todas esas especias que se empregan nesta zona así como noutros países asiáticos.

COCIÑANDO E DEGUSTANDO

Xoves de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Marta Ramos

Neste obradoiro veremos que non hai receita que non se poida facer con ganas, paciencia e interese. E en cociña, a mellor forma de saber se o que un fai está ben é aprendendo tamén a probar os diferentes pratos.

COCIÑANDO SEN PROBLEMAS

Xoves de 18.30 a 20.30 h

Responsable: Marta Ramos

Partindo de pratos moi sinxelos, pretendemos que a xente que non ten moito costume de cociñar, poida perderlle o medo e enfrontarse

á cociña dun xeito totalmente natural. Este obradoiro está enfocado a aquelas persoas que teñen coñecementos moi básicos de aspectos que se consideran fundamentais na cociña

COCIÑA SAUDABLE

Venres de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Quique Lema

Obradoiro de cociña onde a través de receitas sinxelas, sas, nutritivas e deliciosas, intentarase facer esquecer o mito de que o saudable é aburrido. Continuando coa idea

dunha cociña verde como base, ampliaremos a visión cara outras posibilidades. Sobremesas sas e saudables, claro que si.

AZÚCAR!!!

Venres de 18.30 a 20.30 h

Responsable: Lola Caramés

Obradoiro de repostería tradicional e actualizada, tanto de aquí como de outros lugares do mundo. Porque a ninguén lle amarga un doce, pero sempre tendo en conta cuestións relativas ós hábitos á saúde.

HISTORIA E ARTE

ARTE E POESÍA

Luns de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Héctor Mosquera

¿É poética toda linguaxe artística? Este obradoiro tentará responder a esta pregunta; así, nun primeiro momento, explicaranse os elementos que caracterizan á poesía como forma de coñecemento para, posteriormente, analizar dúas grandes obras da nosa literatura: El romancero gitano, de Lorca; e a Fábula de Polifemo y Galatea, de Góngora. Finalmente veremos se a poética é intrínseca a todo fenómeno artístico.

EXOTISMO MEDIEVAL: MIL ANOS DE SEDUCCIÓN

Martes de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Carmela Galego

Durante a primavera deixaremos que as culturas medievais nos sigan seducindo co máis próximo e coñecido a nós, e tamén cos encantos chegados de lonxanas terras. A modo de pequenos seminarios abriremos a

porta para poñernos en contacto co mundo precolombino, á Ruta da Seda, as cruces de Irlanda, os ecos de Al-Andalus... Mil anos de luz por descubrir.

POR GALICIA ADIANTE (AS SETE PROVINCIAS)

Xoves de 19.00 a 20.30 h

Responsables: Bea Álvarez e Carmela Galego

Convidámosvos a un percorrido pola historia e pola arte galegas. Nesta edición lanzarémonos a escudriñar o territorio, cada cidade, cada comarca histórica. Galicia palmo a palmo como turistas documentados. O patrimonio material e inmaterial será obxecto de estudo e goce: A Ribeira Sacra e os seus mosteiros, Santa Comba de Bande na Raia Seca, A Paradanta, etc. Fóra do programa, a cidade herculina será a privilexiada. Mais outra vila turística estará agardando o noso desembarco dun día. Anímaste a descubri-la?

LITERATURA E ESCRITURA

LEAMOS RELATOS

Luns de 17.00 a 20.30 h

Responsable: Chus Molina

Obradoiro de lectura de relatos que ten coma obxectivo descubrir autores relevantes deste xénero a través da lectura de obras. En cada sesión leremos un relato, tras unha breve introdución á autoría, para comentalo entre todos despois de gozalo. Analizaremos contido, estrutura, linguaxe e todo aquilo que nos pareza significativo coa finalidade de afondarmos o máximo posible nel. Traballaremos con diversas autoras e autores de nacionalidades distintas e tocaremos desde os grandes mestres do xénero ás máis recentes escritoras e escritores que están a despuntar hoxe en día.

TEXTOS CREATIVOS

Martes de 10.30 a 12.00 h

Responsable: Chus Molina

Obradoiro no que se traballa coas palabras desde un punto de vista creativo, para o que nos valeremos de imaxes e de música nalgunhas sesións. A partir dunha serie de pautas así como o que as imaxes e a música provoquen en nós, crearemos os nosos propios textos literarios desenvolvendo a creatividade e a imaxinación. E durante ese proceso, iremos aprendendo diversas técnicas literarias compartindo e comentando os textos creados.

A CONSTRUCCIÓN NARRATIVA

Martes de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Rodrigo Costas

Obradoiro de escritura, orientado a persoas cuns coñecementos mínimos previos, no que, de xeito práctico e dinámico, traballaremos cos elementos fundamentais da narrativa co fin de comprendermos os mecanismos necesarios para a construción do texto de ficción.

MÚSICA

AI LALELO, AI LALAO

Martes de 17.30 a 19.00 h

Responsable: Halimah Shalabi

Percorrido pola nosa música tradicional para coñecermos os nosos bailes, os nosos ritmos e os nosos instrumentos. Aprenderemos a técnica básica do canto e da pandeireta (imprescindible ter unha pandeireta de 9 ferreñas, por conta do participante) e practicaremos o baile.

DEBUXO

APRENDE A DEBUXAR RETRATOS

Xoves de 18.00 a 20.00 h

Responsable: Juanjo Estrada

Este obradoiro é un curso de iniciación ao debuxo baseado na representación do rostro humano a través das artes plásticas. Cun enfoque teórico-práctico, mediante as técnicas tradicionais do debuxo trataremos de achegarnos aos métodos, aos trucos e aos segredos que nos permitan entender a arte do retrato.

APRENDE A DEBUXAR CARICATURAS

Venres de 18.00 a 20.00 h

Responsable: Juanjo Estrada

Este obradoiro está dirixido á xente que estea disposta a afondar no mundo do debuxo humorístico, con ganas de experimentar. Nas sesións de que se compón o obradoiro, daremos os primeiros pasos de xeito ameno e divertido na descoñecida, enigmática e fermosa arte das caricaturas.

CINE

REVISITANDO CLÁSICOS

Luns de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Antonio Brea

Cinco filmes canónicos da historia do cinema norteamericano, cinco autores e cinco xéneros. Unha oportunidade para volver ver cunha ollada nova estes grandes clásicos e comentar algúns dos seus aspectos máis destacados.

MESTRES DA COMEDIA

Luns de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Antonio Brea

A risa continúa a ser o principal obxectivo deste curso, que pretende reivindicar a importancia do bo humor como elemento imprescindible para a vida. Nesta última entrega, abordaremos algúns dos mestres da comedia que, por diversas razóns, aínda non tiveron cabida nas edicións anteriores, prestando especial atención ás cinematografías europeas.

CINEMA(S) DE ASIA

Martes de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Martín Pawley

O continente máis extenso e poboado do planeta acolle tamén unha espectacular riqueza fílmica, desde os mestres xaponeses -Mizoguchi, Ozu, Kurosawa- e indios -Ray, Ghatak- a figuras esenciais do cinema moderno como Abbas Kiarostami e revelacións como o filipino Lino Brocka. O obradoiro repasará os nomes esenciais deste vasto territorio.



FOTOGRAFÍA

INICIACIÓN Á FOTOGRAFÍA DIXITAL

Martes de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Cándido Díaz

Coñece a túa cámara. Para que serve cada botón, roda ou mecanismo. Aprenderemos tamén os principios básicos da fotografía e completaremos o obradoiro con algunha saída práctica na que se realizarán fotografías coa titoría do profesor.

ESPAZO BRANCO

Mércores de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Jacobo Ameneiro

Espazo Branco, é unha aplicación formativa a través da imaxe. O obradoiro centrarase en dar as bases necesarias para sacar partido ós nosos móbiles ou tabletas, como ferramentas para a toma de fotografías.

O BODEGÓN CREATIVO

Xoves de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Cándido Díaz

Creación de bodegóns para fotografalos baseándonos nun concepto ou nun elemento. Aprenderemos a desenvolver técnicas fotográficas e creativas para elaborar composicións sorprendentes que contén unha historia.

ASTRONOMÍA

BAIXO O FIRMAMENTO

Martes de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Óscar Blanco

Obradoiro introdutorio sobre astronomía. Desde os movementos do ceo, a descrición das constelacións e as súas estrelas, pasando por unha viaxe polo sistema solar, a lúa, e por suposto, explicando conceptos como a estrutura e a orixe do universo, a vida das estrelas, os buratos negros etc.

TEATRO

EMOCIÓNATE E CREA

Luns de 17.30 a 19.00 h

Responsable: Laura Sarasola
(Caramuxo Teatro)

Crear unha peza artística concreta que poda ser mostrada a través do autocoñecemento do corpo e da voz, do seu manexo, e da apertura emocional partindo de exercicios de creación libres e de improvisacións con estímulos sensoriais, como a música e o tacto, o olfacto... A emoción coma canle para experimentar un proceso creativo e interpretar unha peza de artes escénicas, a través do xogo lúdico, que poida ser desde interpretar un texto simple a unha creación coreográfica sinxela.

INTERPRÉTAO

Luns de 19:15 a 20:45 h

Responsable: GATEA
(Caramuxo Teatro e Katarsis Teatro)
Obradoiro de introdución á interpretación para todos os públicos, onde se tratarán distintas disciplinas e técnicas (expresión corporal, improvisación, teatro físico, máscara e teatro de texto clásico e contemporáneo) co obxectivo de que as persoas participantes desenvolvan un coñecemento básico sobre a súa ferramenta de traballo: o corpo, a voz, a dicción, o ritmo e o pensamento.

NARRATIVA E INTERPRETACIÓN DE ESCENAS TEATRAIS IMPROVISADAS

Mércores de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Oswaldo Digion

Despois de asentar as bases no taller anterior (Introdución á improvisación teatral) no que se traballou a actitude para afrontar escenas sen un guión establecido de forma conxunta, agora toca afrontar a escena desde un punto de vista estético e teatralizado. Aínda que na súa esencia as pautas para contar historias son as mesmas en todos os ámbitos, improvisados ou guiionizados, no caso que nos ocupa e pola

necesidade de avanzár de forma inmediata, requirense ferramentas e pasos que axudarán aos alumnos/as a trazar un camiño para a creación espontánea de escenas teatrais.

INICIACIÓN AO CLOWN

Xoves de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Pedro Brandariz

Todas e todos temos un "pallaso" dentro de nós, que nos pode axudar a levar a vida desde un punto de vista máis positivo e optimista. Neste curso traballaremos sobre as técnicas para atopar o clown, para que cada persoa atope a súa identidade cómica. Para iso, contaremos cun dos mellores clowns do panorama artístico actual.

O TEATRO: O ESPELLO DA ALMA

Venres de 18.00 a 19.30 h

Responsable: Alicia Rivela

Teatro experimental consciente cunha visión que acompaña o alumnado para que conecte técnica e espírito. Este método está dirixido a persoas con ou sen experiencia no escenario. Nace da túa esencia, do teu ser, de respirar e de sentir. Só hai que deixarse levar. Así traballamos mente e corpo. Creando poesía no camiñar e na mirada. Con base en exercicios onde conectamos cun mesmo e deixamos que flúa todo o noso potencial.

TEATRO, XOGO E IMPROVISACIÓN

Venres de 19.15 a 20.45 h

Responsable: Martín Melinsky

Obradoiro que ten como finalidade procurar un crecemento expresivo e persoal, respectando sempre as posibilidades de cada participante para conseguir o mellor que poida darnos. Achegarémonos á comedia teatral a partir de xogos corporais, xestuais e expresivos, que nos permitirán realizar improvisacións desde o pracer e ter unha representación teatral sen medo.

CIDADE E CONTORNA

PERSONAXES DA CIDADE

Martes de 17.00 a 18.30 h

Responsables: Patricia Angulo

A través do obradoiro coñeceremos diferentes personaxes que naceron, viviron ou simplemente pasearon pola nosa cidade nalgũa época, desenvolvendo un papel relevante no momento histórico que lles tocou vivir. Algúns personaxes son de sobra coñecidos, pero afondaremos na súa relación coa cidade, mentres que outros serán grandes descoñecidos que nos permitirán indagar máis historias sobre a nosa cidade.

ARQUITECTURA E MÚSICA

Xoves, de 17.00 a 18.30 h

Mércores de 17.00 a 18.30 h

A música e a relación coa arquitectura: desde as representacións musicais no mundo clásico, os teatros grego e romano, pasando polos teatros máis célebres, como o Metropolitan, Covent Garden, a Scala de Milán, o Liceu... até os edificios contemporáneos como grandes contedores de arquitectura e música. Con audicións de fragmentos musicais neses espazos.

EUROPA: PAZOS; CASTELOS E FORTALEZAS

Xoves de 17.00 a 18.30 h

Responsables: Carmela Galego e Paula Naveira

Os aposentos de Sissi e María Antonieta, as cúpulas dos zares rusos, frondosos xardíns nazaries dunha vella Europa que alberga suntuosas arquitecturas. Algunhas son vestixios do poder de épocas pasadas e outras aínda serven de residencia para monarquías actuais. En lugares recónditos ou na nosa propia cidade, percorrерemos neste obradoiro a evolución arquitectónica de pazos e castelos, obxectos que os decoran, persoas que os habitaron e misterios e historias que agochan os seus muros.

UN PASEO POLA CIDADE

Venres de 10.00 a 11.30 h

Responsables: Patricia Angulo e Fernando Campos

Pasamos moitas veces por lugares emblemáticos da nosa cidade mirando, pero sen ver. Sen embargo, cando viaxamos tentamos non perdernos nada de aqueles lugares que visitamos. ¿Por que non facer o mesmo na nosa cidade?. A través do obradoiro achegarémonos á historia coruñesa a través dun xeito ameno, próximo e práctico.

MINDFULNESS

MINDFULNESS I

Mércores, de 17.00 a 18.30 h

Responsable: Eduardo Dopico

A través da meditación con técnicas cognitivas e emocionais, aprenderás a vivir experimentando no momento presente dun xeito relaxado e consciente. Recoñeceremos o funcionamento da nosa mente e reduciremos o fluxo de pensamentos negativos e non desexados. Vivirás no teu corpo e na túa mente dunha forma distinta, máis sa e positiva.

MINDFULNESS II

Mércores, de 19.00 a 20.30 h

Responsable: Eduardo Dopico

Exclusivamente este é un grupo de continuidade para aquelas persoas que realizaron a iniciación de Mindfulness na temporada de primavera 2018 ou outono 2018 no Centro Ágora. A través da meditación con técnicas cognitivas e emocionais, aprenderás a vivir experimentando no momento presente dun xeito relaxado e consciente. Recoñeceremos o funcionamento da nosa mente e reduciremos o fluxo de pensamentos negativos e non desexados. Vivirás no teu corpo e na túa mente dunha forma distinta, máis sa e positiva.

CREATIVIDADE MANUAL

MANUALIDADES CREATIVAS

Mércores de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Chari Maqueira

Obradoiro que nos introducirá no mundo da reciclaxe e de todo tipo de xeitos de reempregar para darlles un novo uso ás cousas. As distintas técnicas manuais levarannos a coñecer e gozar das máis diversas técnicas de traballo con materiais como o papel, a madeira, o cristal ou as teas.

SOUTACHE

Mércores de 18.30 a 20.30 h

Responsable: Zeltia Sedes

Técnica na que se combina o soutache con abelorios, que permiten crear unha xoia de bixería totalmente artesanal, colares, pendentes, apliques para zapatos, tocados... deixa voar a túa imaxinación e crea pezas únicas.

COAS TÚAS MANS

Xoves de 10.30 a 12.30 h

Responsable: Fina Sedes

A artesanía téxtil abarca varias técnicas. Este obradoiro ofrece dúas posibilidades. Por un lado poderemos internarnos no mundo do tapiz, xa que aprender esta técnica é un dos obxectivos. Pero se o que che interesa é a xoiaría téxtil, poderás realizar pezas empregando a técnica do macramé. Nesta ocasión varias das pezas serán seleccionadas polos participantes.

ARTESÁNS DO COIRO

Venres de 19.00 a 20:45 h

Responsable: Patricia Vicente

A artesanía móstranos como é unha cultura, unha sociedade. Empregaremos un dos materiais que se vén aproveitando desde os tempos antigos: o coiro, un

material nobre, versátil, listo para ser manexado e moldeado segundo a nosa creatividade. Non hai un número limitado de técnicas de traballo do coiro, aínda que algunha delas amosaremos neste obradoiro. O resto da aprendizaxe forma parte da experimentación propia.

MONOGRÁFICO

50 ANOS DUN GRAN PASO PARA A HUMANIDADE

Mércores de 19.00 a 20.30 h

O 20 de xullo de 1969 a primeira nave tripulada alunizaba no noso satélite. Un día máis tarde, o astronauta Neil Armstrong convertíriase no primeiro ser humano en poñer un pé sobre a lúa, no Mar da Tranquilidade, despois dun pequeno paso para el, pero que supuxo o gran salto que pasará á historia da humanidade. Foi unha viaxe temeraria a outro mundo. Un salto ó vacío nun territorio extraterrestre sen atmósfera. Unha loucura quixotesca sen precedentes a 400.000 quilómetros de distancia, pero que marcou un antes e un despois nas nosas vidas. 50 anos despois o mundo cambiou a gran velocidade, pero é bo momento para viaxar a esa época e facer repaso do vivido.

ACTIVIDADE MOTRIZ

VITAL FIT

Luns e xoves de 11.30 a 12.30 h

Responsable: José Manuel Pernas

Desde unha perspectiva holística, experimentamos un sistema de exercicio físico que fusiona e sintetiza o coñecemento oriental e occidental sobre saúde e adestramento. Trátase dun obradoiro práctico que favorece a saúde, a condición física, a relaxación e o equilibrio diario.

DÁLLE RITMO

GRUPO I - Martes e xoves

de 09.30 a 10.30 h

GRUPO II - Martes e xoves

de 10.30 a 11.30 h

Responsable: Ana Lago

Obradoiro de actividade física variada para contribuir a mellorar a calidade de vida, tanto física como psicolóxicamente. Traballaremos desde exercicios de resistencia até exercicios para mellorar a forza e a flexibilidade, sempre dun xeito adaptado ao nivel das persoas participantes. Farémolo a través de xogos motrices, exercicios de forza flexibilidade, coordinación, circuitos,

estiramientos e bailes. Un obradoiro no que traballamos a forma física e á vez divertímonos.

TODO ESTÁ NOS TEUS PÉS

GRUPO I - Martes de 11.30 a 13.00 h

GRUPO II - Mércores de 17:15 a 18:45 h

Responsable: Rubén da Silva

A través dos pés, e tras descubrir uns coñecementos básicos e sinxelos sobre os mesmos, aprenderemos a masaxear as zonas reflexas que posúen para ser capaces de desbloquear o sistema inmunitario de noso corpo. Trátase dun obradoiro eminentemente práctico, polo que é necesaria roupa cómoda.

OFERTA ESPECÍFICA +65 ANOS

TONIFICA O TEU CORPO

GRUPO I - Luns e mércores de 9.30 a 10.30 h

GRUPO II - Luns e mércores de 10.30 a 11.30 h

Responsable: Pablo Barreiro

Actividades motrices para manterse en forma cun grao de intensidade adaptado ás persoas maiores de 65 anos.

a través de actividades lúdicas, entretidas e divertidas, e todo nun ambiente cordial e familiar. Actividade especialmente indicada para persoas maiores de 65 anos.

EXERCITA A TÚA MENTE

GRUPO I - Luns e mércores de 10.30 a 11.30 h

GRUPO II - Luns e mércores de 11.30 a 12.30 h

Responsable: Miriam Dosil

O cerebro é un músculo que debemos adestrar, e que mellor xeito de facelo que

VIAXANDO CON MEMORIA

Martes e xoves de 10.30 a 11.30 h

Responsable: Miriam Dosil

A través de distintas actividades dinámicas e divertidas, coñeceremos e recoñeceremos diferentes vilas, cidades e países co fin de aproveitar os recursos que a mente nos achega. Actividade especialmente indicada para persoas de máis de 65 anos.

OFERTA ESPECÍFICA PARA NENOS E NENAS

PEQUENAS/OS COCIÑEIRAS/OS (10-16 anos)

Sábados de 11.00 a 13.00 h

Responsables: Chari Maqueira e Martina Velo

Taller de cociña destinado aos máis pequenos, que aprenderán a preparar pratos sinxelos, divertidos, creativos e sobre todo, moi ricos, pero sempre partindo dunha concienciación en hábitos alimenticios saudables.

Cineclube-Novos programadores Febreiro-Xuño 2019

QUE É: Unha oportunidade para descubrir e ver o mellor cinema feito en Galicia. Compartiremos a nosa ollada persoal dos filmes coas súas autoras e autores e aprenderemos a diferenciar os seus aspectos máis destacados. Seleccionaremos aquelas películas que máis nos interesen para, ao final de curso, programar unha sesión pública de cine con elas. Durante o obradoiro tamén exercitaremos a nosa creatividade prestando especial atención ao deseño de materiais para promocionar a nosa sesión de cine, á escritura de textos breves sobre as películas ou como falar en público para presentalas.

CANDO: Os venres de 17:00 a 18:30.
Grupo 1: febreiro-marzo; Grupo 2: abril-xuño

COMO: Dous grupos de traballo: de 12 a 18 anos e maiores de 55

PREZO: 10 euros

INSCRICIÓN: directa, abonando o importe en conserxaría a partir do 21 de xaneiro.

DOCENTE: Marcos Nine Búa, cineasta, guionista e docente. Gañador de seis premios Mestre Mateo, as súas películas foron seleccionadas e premiadas en festivais de todo o mundo. É o director artístico e programador do festival Cinema Crianza.

DIRIXIDO A: Persoas que desexen explorar a súa paixón polo cinema desde unha perspectiva persoal para despois compartila co público.

GRUPOS DE TRABALLO: Febreiro e Marzo: Rapazas e Rapaces de 12 a 18 anos
1, 8, 15 e 22 de febreiro - 1, 8, 15 e 22 de marzo.
Abril, Maio e Xuño: Persoas de máis de 55 anos
5, 12 e 26 de abril - 3, 10, 24 e 31 de maio
7 de xuño

CONDICIÓNS PARA PARTICIPAR NOS OBRADOIROS DO PROGRAMA DE LECER:

INSCRICIÓN DE CONTINUIDADE:

Os días 21, 22 e 23 de xaneiro na conserxaría do Ágora, de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h. Para formalizar a inscrición, será necesario pagar en efectivo o importe do obradoiro correspondente, ademais de ter asistido a un mínimo do 50% das sesións do outono.

PREINSCRICIÓN:

Os días 24 e 25 de xaneiro, na conserxaría do Ágora, de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h, ou por vía telemática, tal e como se indica na páxina www.coruna.es/cultura. Neste último caso, será recomendable gardar unha copia dixital da inscrición, co fin de corrixir os erros que se puideren producir.

Non se envía número de sorteo por correo electrónico. O día 26 de xaneiro ás 09.00 horas, publicarase a listaxe das preinscricións telemáticas co seu número de sorteo ordenado por DNI. De producirse algún erro, coa copia da preinscrición, emendarase.

É importante escoller só unha das dúas opcións, xa que, en caso de ter preinscricións duplicadas, anularanse.

Todas as preinscricións telemáticas que teñan data de envío anterior ás 9.00 h do día 24 e posterior das 20.00 h do día 25 non serán tramitadas.

Cada solicitante poderá anotar ata catro obradoiros na ficha; deberase ter en conta que na adxudicación respectarase a orde de

preferencia fixada pola persoa solicitante e esta non poderá ser modificada unha vez que se realice o sorteo.

Na preinscrición presencial, adxudicaráselle directamente a cada solicitude un número para o sorteo. Na inscrición telemática adxudicarase o número de sorteo ao remate de cada unha das franxas horarias presenciais.

SORTEO PÚBLICO:

**Luns 28 de xaneiro, ás 10.00 h,
na conserxaría do Ágora**

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:

As listaxes dos obradoiros adxudicados publicaranse o martes 29 de xaneiro, a partir das 9.00 h, en Ágora, nas distintas webs municipais de Cultura e no servizo telefónico 010.

A partir do número extraído no sorteo, asignaranse as prazas en cada obradoiro. Outorgaráselle ao maior número de persoas, cando menos, un obradoiro.

INSCRICIÓN:

Os días 29 e 30 de xaneiro na conserxaría do Ágora, de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.

Para formalizar a inscrición, será necesario pagar en efectivo o importe do obradoiro correspondente.

As prazas adxudicadas só poderán ser ocupadas polas persoas agraciadas no sorteo.

As prazas non pagadas durante estes días adxudicaráselles ás persoas en listaxe de agarda.

LISTAXES DE AGARDA:

As persoas en listaxes de agarda dun

obradoiro terán preferencia en ocuparen as prazas non pagadas do dito obradoiro, que serán adxudicadas pola orde do sorteo.

Terán preferencia aquelas persoas que non obtivesen ningunha praza. O día 31 de xaneiro, contactaremos vía telefónica só con aquelas persoas que estean nas listaxes de agarda para saber se continúan interesadas en inscribirse nos obradoiros que solicitaran. Realizaranse tres intentos de contacto a diferentes horas, de non conseguir comunicación pasarase á seguinte persoa da listaxe de agarda. Terán que formalizar a inscrición, pagándoa, o día 1 de febreiro. Realizaremos unha segunda rolda de chamadas o 4 de febreiro, e as/os interesadas/os terán que formalizar a inscrición, pagándoa, o 5 de febreiro.

PAZAS VACANTES

A partir do 31 de xaneiro poranse prazas libres nos obradoiros que teñan dispoñibilidade de prazas, agás nos que teñan listaxe de agarda que se chamara a quen corresponda.

Estas prazas poderán ser ocupadas polo público en xeral, que deberá inscribirse e pagalas por orde de chegada, nos horarios indicados anteriormente.

COTA DE INSCRICIÓN:

30 € por obradoiro (maiores de 65 anos: 21)

INICIO DOS OBRADOIROS:

A partir do luns 4 de febreiro, no día e hora que corresponda.


**OS OBRADOIROS SÓ SE PORÁN
EN MARCHA CUN MÍNIMO DE 12
PARTICIPANTES.**

Radio Ecça é unha fundación sen ánimo de lucro que realiza distintas actividades co obxectivo de elevar a formación cultural e humana do maior número de persoas posibles. Con esta misión sempre presente, propoñémonos ofrecerlles a mellor alternativa de lecer posible para os centros do Fórum e de Ágora. Grazas por formar parte deste proxecto!!



O PROGRAMA DE LECER DE PRIMAVERA 2019 vén cargado de propostas innovadoras con actividades que impulsan a formación con accións culturalmente enriquecedoras que utilizan a cidade e todos os recursos que esta nos ofrece. Busca, á súa vez, o incremento da demanda cultural e o coñecemento da oferta da cidade e promove a convivencia e a sociabilidade das persoas participantes. Programa enfocado a persoas maiores de 16 anos, con excepción das actividades específicas para nenas/os e adolescentes.

Lugar da Gramela 17, 15010 A Coruña - forumocio@coruna.es - Tel. 981 189 888



Fotografías de cubierta cedidas por cortesía de Oscar Blanco ©



CORUÑA
>PRÓXIMA

